

PROGRAMA DE FRANCÉS

OBXECTIVOS

A proba ten como obxectivo básico e xeral a comprobación do coñecemento funcional da lingua francesa do alumnado, isto é, o coñecemento gramatical e léxico que a práctica da lingua conleva necesariamente, a un nivel medio, no seu rexistro formal, ao tempo que se consideran outras destrezas básicas como a comprensión de conceptos e a capacidade para relacionar, analizar e sintetizar.

ESTRUCTURA DO EXAME

1. A proba consistirá na comprensión dun texto extraído da prensa francófona, en lingua francesa (lingua común ou estándar, non especializada), dunha extensión media de 25 liñas / 400 palabras, sobre un tema de actualidade.
2. A partir do texto proposto formularanse en francés 6 preguntas, ás que tamén se responderá obrigatoriamente en francés, por escrito e sen axuda de dicionarios ou outros materiais didácticos.

a) Tipoloxía das preguntas.

1. Na primeira pregunta o alumnado deberá propor, a modo de título, unha frase que resuma e recolla o máis fielmente posible a historia ou situación que se presenta no texto proposto. O obxectivo básico desta pregunta é comprobar que o alumnado sabe efectivamente de que trata o texto en cuestión e que demostre a súa capacidade de síntese. Esta primeira pregunta formularíase así:

Écrivez en français une phrase d'élaboration personnelle qui puisse résumer le texte

2. A segunda pregunta centrarase na comprensión das estruturas semánticas do texto. Incluirá dous apartados que, a modo orientativo, poderían levar o enunciado seguinte:

Expliquez en français le sens des mots ou des expressions suivantes

3. As preguntas 3 e 4 tratan de verificar a comprensión progresiva do contido temático do texto. Nelas requirírase ó alumnado que achegue a súa propia expresión, considerándose como defecto a reprodución literal do texto proposto. A modo orientativo, as preguntas 3 e 4 formularíanse así:

En utilisant l'information contenue dans le texte, répondez en français aux questions suivantes avec vos propres mots

4. Dous son os obxectivos básicos da quinta pregunta. En primeiro lugar búscase que o alumnado exprese de forma gramaticalmente correcta a parte do enunciado que debe completar ou transformar, introducindo, se for necesario, algún elemento expresivo persoal; en segundo lugar búscase un exercicio de comprensión do texto. Trátase, por tanto, de combinar o dominio das estruturas gramaticais e a comprensión. A quinta pregunta incluirá dous apartados que, a modo orientativo, poderían levar un enunciado do tipo:

Dans la phrase [...] exprimez la condition d'une autre manière

Dans la phrase [...] remplacez le pronom [...] par le complément qu'il représente

Mettez la phrase [...] au pluriel

5. A sexta pregunta será moito máis aberta que as anteriores e estará directa ou indirectamente conectada co texto. Nesta pregunta preténdese que o alumnado poida expresar por escrito as súas propias opinións, ideas, pensamentos ou experiencias sobre a cuestión formulada, nun mínimo de 100 palabras. Esta pregunta, como as anteriores, ten que se responder necesariamente en francés, e podería formularse como segue:

*Êtes-vous pour ou contre... ?
Donnez votre avis...
Qu'est-ce que vous pensez de...*

b) Puntuación das preguntas.

- Primeira pregunta 1 punto
- Segunda pregunta 1 punto (0,5 puntos x 2 apartados)
- Terceira pregunta 2 puntos
- Cuarta pregunta 2 puntos
- Quinta pregunta 2 puntos (1 punto x 2 apartados)
- Sexta pregunta 2 puntos

Terase en conta a corrección gramatical, a riqueza do léxico, a coherencia e a ordenación lóxica na exposición do discurso.